

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 13 DE XULLO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día trece de xullo de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Maria Dolores Pan Lesta.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria do día 6 de xullo de 2021 e da sesión extraordinaria e urxente do día 8 de xullo de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 6 de xullo de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 8 de xullo de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Orde de 23 de xuño de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento CT215A). (Diario Oficial de Galicia número 128, do 7 de xullo de 2021).

- Real decreto-lei 14/2021, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. (Boletín Oficial do Estado número 161, do 7 de xullo de 2021).
- Decreto 97/2021, de 10 de xuño, da Consellería de Emprego e Igualdade, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2022. (Diario Oficial de Galicia número 128, do 7 de xullo de 2021).
- Resolución de 25 de xuño de 2021, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2021-2022, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN421S). (Diario Oficial de Galicia número 128, do 7 de xullo de 2021).
- Lei 10/2021, de 9 de xullo, de traballo a distancia. (Boletín Oficial do Estado número 164, do 10 de xullo de 2021).

### 3º. Expedientes de contratación

#### 3.1. Proposta de aprobación do proxecto de *Mellora da seguridade viaria do camiño municipal nº 192, do p.k. 1+210 ao p.k.1+440.Cela.Cambre. Expediente 2021/C002/000114*

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 6 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 2 de xullo de 2021 asínase polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño, o proxecto denominado “Mellora da seguridade viaria do camiño municipal nº 192, do p.k. 1+210 ao p.k. 1+440. Cela. Cambre”, cun orzamento base de licitación de 39.216,14 € IVE incluído.

Dito proxecto consiste en dotar ao camiño nº 192 dunha senda peatona que discorra entre os p.ks. 1+210 ao 1+440, e que mellore e aumente a seguridade viaria en dito tramo, cuxo trazado discorre pola parroquia de Cela. Non se modifica o trazado do camiño, pero sí se dispoñen de sendas peatonais asfaltadas no tramo final, sendo necesario o recrecemento do muro de escolleira existente entre os p.ks. 1+230 ao 1+308.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar o proxecto denominado “*Mellora da seguridade viaria do camiño municipal nº 192, do p.k. 1+210 ao p.k.1+440.Cela.Cambre*”, elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño, cun orzamento base de licitación de 39.216,14 € IVE incluído.

**Segundo:** Notificar aos interesados para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### 4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 2 ao 8 de xullo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1103/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 1139/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1103/2021	02-07-2021	Autorización ocupación espazo BNG
1104/2021	02-07-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 6 de xullo de 2021
1105/2021	02-07-2021	Provisión interina de dous postos de conserxes para cobertura incapacidade temporal
1106/2021	02-07-2021	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en nave industrial sita na Xira, Sigrás sen axustarse á comunicación previa presentada. Propiedade: Almacenes J.S.
1107/2021	02-07-2021	Declaración de obra nova de vivenda sita en Púmar Méndez, Cambre propiedade de SB, JABV e MLBD
1108/2021	02-07-2021	Lista provisional para a provisión do posto de inspector-xefe da Policía Local por libre designación
1109/2021	02-07-2021	Obradoiro de drones, organizado conxuntamente coa asociación xuvenil Xentedeciencia
1110/2021	02-07-2021	Subministración discos duros 480 GB. Obradoiro de Emprego PROXEDIS- PROWEB II
1111/2021	02-07-2021	Aprobación campamentos urbanos de verano 2021
1112/2021	02-07-2021	Contrato menor para dirección de obra de mellora de accesibilidade e seguridade peatonal no lugar de Pena. Cela
1113/2021	05-07-2021	Aprobación de gastos e facturas, recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 107.011,65 €
1114/2021	05-07-2021	Expediente sancionador por realización de actividade de hostelería sin licencia en Pazo de Brexo, Cambre. Propiedade: CJ, S.L.
1115/2021	05-07-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JJDM
1116/2021	05-07-2021	Acreditación de fondos Convenio Sementeira 2020
1117/2021	05-07-2021	Conceder a licenza municipal para executar unha canalización para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita na Xira, Sigrás. Solicitante: UFD, DE, S.A.
1118/2021	05-07-2021	Expediente núm. 17/2021 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2020 ao exercicio 2021
1119/2021	05-07-2021	Aprobación POS + adicional 2/2021 con investimentos do plan complementario
1120/2021	06-07-2021	Autorización emisión certificado electrónico representante da entidade a nome da secretaria xeral
1121/2021	06-07-2021	Actuacións de obras de mantemento e reparación na Pista Polideportiva exterior e Local Social de Pravio Concellería Cultura,



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Deportes e Xuventude
1122/2021	06-07-2021	Defensa e comparecencia no recurso contencioso-administrativo interposto por J.A.F. contra o acordo plenario, de data 25 de febreiro de 2021, de desestimación do recurso de reposición contra o acordo plenario de data 19 de xullo de 2019, de non inclusión dun camiño no Inventario de Bens Municipais
1123/2021	07-07-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
1124/2021	07-07-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de diversas obras na vivenda sita en estrada Espiritu Santo, Cecebre, e un peche no fronte da parcela con bloques de formigón. Titular: JMV L
1125/2021	07-07-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras diversas na vivenda unifamiliar e no peche da fronte da parcela sita en estrada Cambre Temple Cambre. Propiedade: MdelCGM; JM, A, S e EG
1126/2021	07-07-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de peches diversos na parcela sita en Cobelo, Pravio. Propiedade: VGG
1127/2021	07-07-2021	Reposición legalidade urbanística pola colocación dun poste do tendido aéreo sen título habilitante- en Espiñeiro- Brexo. Solicitante: UFD DE
1128/2021	07-07-2021	Reposición legalidade urbanística pola instalación dun poste do tendido eléctrico, ao carecer do preceptivo título habilitante e non gardar o recuamento regulamentario de 8 metros do eixo da calzada. Solicitante: UFD DE, S.A.
1129/2021	07-07-2021	Reposición legalidade urbanística por execución de obras de construción de rampla de acceso a finca sitas na Xira, Sigrás, non incluídas na comunicación previa presentada. Propiedade: LMAS e MSM
1130/2021	07-07-2021	Reposición legalidade urbanística polo realización de obras na vivenda sita en Sobrecarreira, Sigrás, consistente na modificación da altura da cuberta respecto á licenza concedida en expte 2019/U022/000021. Propiedade: APD
1131/2021	07-07-2021	Aprobación do desenvolvemento e orzamento das actividades relacionadas coa Romaría galaico romana "Galaicoi" no ano 2021
1132/2021	08-07-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por esgotar período máximo de concesión establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: BVR
1133/2021	08-07-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación a M.C.A. , por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: MCA
1134/2021	08-07-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación a A.K.R.M., o saldo medio de aforro é superior ao establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: AKRM
1135/2021	08-07-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 8 de xullo de 2021
1136/2021	08-07-2021	Desistimento axuda de emerxencia social alimentación básica YMR
1137/2021	08-07-2021	Reposición legalidade urbanística pola actividade de aparcadoiro na parcela sita en Xira, parroquia de Sigrás. Titular: Hermanos J. SF SL
1138/2021	08-07-2021	Declaración de obra nova. MCB B

1139/2021	08-07-2021	Proposta nomeamento bibliotecario-arquiveiro interino
-----------	------------	---

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000003, por procedemento aberto simplificado (cun único criterio de valoración de apreciación automática: factor prezo), correspondente ao “Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre”

- Proposta de devolución de aval á empresa “Borrás- Vázquez- Cameselle, Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, adxudicataria do servizo de “Mediación de seguros privados do Concello de Cambre”. Expediente 2009/68-2 PRIV. (2021/X999/000061)

- Proposta de devolución de aval á empresa “Borrás- Vázquez- Cameselle, Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, adxudicataria do servizo de “Mediación de seguros privados do Concello de Cambre”. Expediente 2013/29-14 SERV. PRIV. (2021/X999/000303)

- Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, para adxudicación da Contratación artística e produción do V Festival “Temple Jazz 2021” do Concello de Cambre. Expediente : 2020/C004/000016

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000003, por procedemento aberto simplificado (cun único criterio de valoración de apreciación automática: factor prezo), correspondente ao “Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre”**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 11 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 1 de xullo de 2021 asínase polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño, o proxecto denominado “Mantemento de camiños municipais no termo municipal de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 330.578,51 € sen IVE, 400.000,00 € IVE incluído.

O dito proxecto consiste na execución de diversas obras de acondicionamento de camiños públicos dentro do termo municipal, comprendendo a mellora e arranxo dalgúns tramos dos camiños integrados no catálogo municipal, actuando nas parroquias de Sigrás, Anceis, Cela, Cecebre, Bribes, Santa María de Vigo, Andeiro, San Lourenzo, Cambre e Anceis.

Con datas do 24 de xuño e 2 de xullo de 2021 emítense sendos informes polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, nos que se indica que “... dado que os traballos se realizarán sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal, polo tanto, e desde o punto de vista urbanístico, se considera viable; sinalándose expresamente que os terreos afectados pola presente actuación son aptos urbanisticamente, para levar a cabo a súa execución”.

Con data do 27 de xuño de 2021 emítase documento de retención de crédito pola Intervención Municipal, por importe de 400.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 454.21000.

O proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 6 de xullo de 2021, asinándose a correspondente Acta de replanteo polo redactor do proxecto con data do 7 de xullo seguinte.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado polo enxeñeiro de camiños municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño, de data 2 de xullo de 2021, no que se contén, entre outros, os seguintes extremos: proposta de procedemento, clasificación, xustificación de non división en lotes, criterio de adxudicación, orzamento e valor estimado do contrato, e medios persoais e materiais necesarios.

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 7 de xullo de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral e interventor municipal, de data 10 de xullo de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se pretende basicamente levar a cabo diversas obras de acondicionamento de camiños públicos dentro do termo municipal, comprendendo a mellora e arranxo dalgúns tramos dos camiños integrados no catálogo municipal, actuando nas parroquias de Sigrás, Anceis, Cela, Cecebre, Bribes, Santa María de Vigo, Andeiro, San Lourenzo, Cambre e Anceis.

Co contrato proxectado, o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (*"o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "d) infraestructura viaria..."*), tratándose ademais dun servizo mínimo obrigatorio en todos os municipios segundo establece o artigo 26.1.a) da mesma Lei 7/1985, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C003/000003, por procedemento aberto simplificado (cun único criterio de valoración de apreciación automática: factor prezo) e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares que se integra nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato:	"Mantemento dos camiños municipais no termo municipal de Cambre"
- Orzamento base de licitación:	400.000,00 euros IVE incluído

- Valor estimado:	363.636,36 euros
- Prazo de execución (fixado no proxecto):	2 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto, por importe de 400.000,00 €, IVE incluído, por conta da aplicación orzamentaria 454.61900.

**Cuarto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

**Presidenta:** A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

**Vogais:** A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira

A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë e, como suplente, o arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito

**Secretaria:** A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Quinto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Sexto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de devolución de aval á empresa "Borrás- Vázquez- Cameselle, Artai, Correduría de Seguros, S.A.", adxudicataria do servizo de "Mediación de seguros privados do Concello de Cambre". Expediente 2009/68-2 PRIV. (2021/X999/000061)**

Vista a proposta da Alcaldía de data 12 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 9 de xuño de 2010, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “Borrás-Vázquez- Cameselle, Artai, Correduría de Seguros, S.A.” para o servizo de “Mediación de seguros privados do Concello de Cambre”. Expediente: 2009/68-2 PRIV.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante póliza de seguro de caución coa entidade Mapfre Caución y Crédito por importe de 9.000 euros, depositada a Tesourería municipal con número de rexistro 458 e data do 31/05/2010, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola xefa da Unidade de Réxime Interior, con data do 4 de maio de 2021.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 2 de xullo de 2021.

A teor do establecido nos arts. 90 e 205.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, Lei de Contratos do Sector Público, e Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva por importe de 9.000 € depositada pola entidade “Borrás- Vázquez-Cameselle, Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, con NIF A367\*\*\*\*\* e enderezo en rúa Juan Flórez 42, 1º -15004 A Coruña, no expediente número 2009/68-2 PRIV para o servizo de “Mediación de seguros privados do Concello de Cambre”.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



**C) Proposta de devolución de aval á empresa “Borrás- Vázquez- Cameselle, Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, adxudicataria do servizo de “Mediación de seguros privados do Concello de Cambre”. Expediente 2013/29-14 SERV. PRIV. (2021/X999/000303)**

Vista a proposta da Alcaldía de data 12 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 8 de xaneiro de 2014, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “Borrás- Vázquez- Cameselle, Artai, Correduría de Seguros, S.A.” para o servizo de “Mediación de seguros privados do Concello de Cambre”. Expediente: 2013/29-14 SERV. PRIV.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva por importe de 1.500 euros na que consta como avalista a entidade Mapfre, depositada na Tesourería municipal con número de rexistro 577 e data do 23/12/2013, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fíxese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola xefa da Unidade de Réxime Interior, con data do 4 de maio de 2021.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 2 de xullo de 2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 307 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e na Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva por importe de 1.500 € depositada pola entidade “Borrás- Vázquez- Cameselle, Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, con NIF A367\*\*\*\*\* e enderezo en rúa Juan Flórez 42, 1º -15004 A Coruña, no expediente número 2013/29-14 SERV. PRIV para o servizo de “Mediación de seguros privados do Concello de Cambre”.

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, para adxudicación da Contratación artística e produción do V Festival “Temple Jazz 2021” do Concello de Cambre. Expediente : 2020/C004/000016**

Vista a proposta da Alcaldía de data 12 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 8 de xullo de 2021, elaborouse polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da división en dous lotes do obxecto do contrato, (Lote nº 1 : contratación artística e servizo de dirección artística ; e Lote nº 2 : Servizos e subministracións de produción), e xustificación da elección do procedemento, e na mesma data o coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude municipal asinou o prego de prescricións técnicas para a contratación artística e produción do V Festival “Temple Jazz 2021” do Concello de Cambre cun valor estimado total de 32.384,88 euros e un orzamento base de licitación de 35.623,37 euros.

Nesa mesma data do 8 de xullo de 2021, asínase polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude , coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude municipal, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, condicións especiais de execución do contrato e penalidades aplicables.

Consta documento de Retención de crédito asinado polo interventor da Corporación o 30 de xuño de 2021, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 334.22612 (certames e festivais)

Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, que mesmo pode ser abreviado, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159.6 da LCSP

Consta a providencia de data 9 de xullo de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

Consta informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria e do interventor municipais de data do 12 de xullo de 2021 propoñendo a apertura do procedemento de licitación.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias que ten atribuídas o concello na realización de actividades e dispoñibilidade de instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo , establecidas no art. 25.2 letras m e l) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e art. 80.2.n) da Lei 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia , ao tratarse dunha prestación coa que se persegue adxudicar a contratación artística e a produción

do V Festival “Temple Jazz 2021”, que está previsto celebrar os días 3 e 4 de setembro de 2021 no Parque Ramón Barba, situado na parroquia do Temple (Cambre), co fin de ofertar aos mozos e á poboación adulta en xeral alternativas para o goce colectivo do lecer e o tempo libre, co obxectivo de fomentar hábitos colectivos de consumo cultural entre a poboación, neste caso da música en directo, e crear espazos ou eventos de espaxamento que favorezan as relacións sociais, ao mesmo tempo que se apoia aos creadores e intérpretes e fortalézase o tecido social, no núcleo máis numeroso do municipio, así como o seu tecido comercial, especialmente o pequeno comercio de hostalería e restauración.

Con esto queda acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000016, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Servizo de contratación artística e produción do V Festival “Temple Jazz 2021” do Concello de Cambre, dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes:

**Lote 1**

Grupos artísticos e dirección artística

**Lote 2**

Servizos e subministracións necesarias para a produción do festival

- Orzamento base de licitación: 35.623,37 euros  
- Valor estimado: 32.384,88 euros  
- Prazo de duración/execución: Días 3 e 4 de setembro de 2021, coas especificacións establecidas para cada un dos lotes no Prego de Prescricións Técnicas Particulares e no epígrafe 6 do Anexo I (Cadro de Características) do PCAP.

isto a teor do establecido nos artigos 131, 159 e concordantes da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por importe de 35.623,37 euros por conta da aplicación orzamentaria 334.22612.

**Cuarto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas.

**Quinto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia